

ENREDOS XOGOTECA, S.C.G.



“Deseñamos un proxecto alternativo para a educación infantil”

Ana María García Carnero

Datos básicos

Actividade:	Centro de atención á infancia
Sector de actividade	Actividades de formación
Nº empregados	4
Inversión inicial	24.040 €
Financiamento inicial:	O investimento inicial foi financiado con fondos propios (cada unha das socias aportamos no seu momento 3.000 €) e cun crédito subvencionado de 15.000 €.
Web:	
Municipio:	Tui, Pontevedra
Ano creación:	1999

Descrición do proxecto

Trátase dun centro de atención á infancia homologado pola Xunta. Concedéronnos servizos de atención para nenos de 0 a 8 anos. Polas mañás, en período escolar, temos nenos de 0 a 3 anos e polas tardes e en períodos vacacionais temos grupos máis heteroxéneos.

As primeiras semanas despois da chegada dun neno, temos un período de observación para coñecer as súas preferencias, características da súa personalidade, etc., e construímos un programa de desenvolvemento persoal individual. Inducímolos a xogar cos xogos que máis lles conveñen a cada un segundo as súas características (para potenciar o desenvolvemento do aparato motor, das capacidades intelectuais, etc.). Así combinamos momentos de xogo libre e de xogo dirixido.

Outra novidade é que non existen espazos pechados. Cremos que as aulas ao uso, con 4 paredes e 10 nenos non son positivas. Un espazo aberto ofrece a oportunidade de ver que hai outras persoas que fan máis cousas, iso motiva e aprenden a controlarse e a tomar decisións. Por exemplo, se ven que un grupo fai plastilina e outro fai construcións, o máis lóxico é que queiran facer todo o que fan os demais, as dúas cousas. Permitímoslles facer as dúas cousas pero ten que ser de forma ordenada, teñen que decidir o que queren facer primeiro, e cando o acaben pasan á segunda opción. Outra das vantaxes dun lugar aberto é que gozan da diversidade das diferencias de idade, e iso beneficia tanto aos nenos maiores (que aprenden a ser máis coidadosos e tolerantes cos pequenos), como aos pequenos (que se enriquecen e motivan coa experiencia dos maiores).

Ademais do anterior, tamén nos dedicamos a organizar festas para obter un diñeiro extra. Facemos unha animación diferente con talleres, galletas de cores, botes de sales de cores, colares, ... e un cartel inmenso para regalar ao neno do aniversario.



Datos empresa

Claves do éxito

Ser como somos e amar o que facemos. Ter moi claro o proxecto (un proxecto alternativo para o mundo da educación infantil) e crer nel. Iso nótase e dá confianza.


Situación actual

En abril de 2002, contratouse a outra auxiliar a media xornada.

Imos mellorando sensiblemente en canto ao número de nenos e pretendemos ofrecer talleres de verán para grupos entre 4 e 8 anos.

Perfil cliente

Fillos de pais que traballan e necesitan deixar aos nenos nun lugar. Afortunadamente cada vez hai máis xente que nos deixa os nenos un par de horas porque lles gusta o sistema e confiaron en nós.



Idea inicial

As tres promotoras coñecémonos nunha escola taller, na que traballábamos como titora, administrativa e conserxe. As tres compartíamos ideas e traballáramos pola nosa conta presentando proxectos alternativos para o mundo da educación infantil. Presentamos conxuntamente un proxecto para crear unha escola infantil municipal, pero por problemas políticos nunca chegou a aprobarse. Decidimos entón crear un centro privado e desexamos articular, en canto nos sexa posible, un sistema de bolsas para que calquera neno poda acudir a esta escola, se ben os nosos prezos son bastante asequibles.

Nun principio pensamos crear un centro de educación infantil (o que tradicionalmente se denomina gardería), sen embargo estábamos en desacordo respecto das directrices en educación infantil. Para nós, trátase dunha etapa de vital importancia para o desenvolvemento da persoa a nivel emocional, físico, persoal e psicolóxico. Por iso non orientamos a nosa función á preparación da escolarización, senón a lograr que o neno aprenda xogando, que é como hai que aprender a esas idades. Desta forma, inventamos o termo Xogoteca (que non ten nada que ver con ludoteca), e deseñamos un sistema no que se aprenden catro normas básicas de relacións sociais: aprender a comunicarse (non violencia), aprender a esperar (organízase unha asemblea diaria para que aprendan a escoitar, a estar xuntos e a esperar a quenda para falar, ademais temos unha "cadeira de pensar" para reflexionar cando fan algo que non é correcto, reflexionan e racionalizan o que fixeron por si mesmos), facer xogos libres e ser respectuosos coas persoas e as cousas. Tamén lles aprendemos a comer para fomentar a autonomía persoal, a vestirse e a divertirse mentres aprenden ser seres libres e independentes.

Principales dificultades y amenazas futuras

En canto a posibles riscos no futuro, non vemos unha ameaza clara de competencia. En Tui existe unha gardería e a nosa xogoteca, pero existe mercado para todos porque se trata de modelos diferentes de escola. Existe diferenza no prezo, pero esperamos articular un sistema de bolsas. Na actualidade estamos a cobrar 72 € por media xornada diaria. En Vigo cobrarían 132 € e non inclúen material (nós incluimos todo menos os cueiros). Ademais diversificamos os nosos servizos: ofrecemos asesoramento gratuíto aos pais, ofrecemos aos colexios xogos para traballar a capacidade de abstracción para as matemáticas, queremos crear ademais outro tipo de material didáctico (material de apoio para visitas a parques naturais, etc.).

Perfil promotores

Ana M^a García é pedagoga e aporta unha experiencia profesional de 12 anos con nenos.

A empresa conta con dúas socias máis.



Aptitudes necesarias

Combinar de forma equilibrada o pracer de facer o que a un lle gusta coas necesidades empresariais.

Guía de Actividad

Garderías – Escolas infantís (0 – 3 anos) (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

Dedicarme ao que me gusta

Formación

¿Recibiui información específica sobre a creación de empresas?

Si. Cursos organizados pola Fundación Baixo Miño (proxecto da rede ILMA con programas de teleformación).

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Si.

Anecdotario

Consideramos que o xogo debe ser unha constante na vida dunha persoa. Para fomentalo, regalamos os pais un xogo creado por nós que consiste nunha especie de puzzle... Para que así non esquezan o que é xogar.

